

VIEIROS

Barbanza

Edición xestionada por [Adolfo Muíños](#)

CON MÁIS DE VINTE ESPECIALISTAS DE EUROPA E AMÉRICA

Rematou o VI Seminario Internacional de Tradución e Poética en Rianxo

O VI Seminario Internacional de Tradución e Poética clausurouse no serán do sábado 12 de novembro en Rianxo. O broche de ouro foi unha *Lectura Poética aberta* na que participaron múltiples autores. No conxunto do seminario foron máis de vinte ós especialistas da poesía e da tradución, chegados de distintos países de Europa e América, interviron ao longo destas tres xornadas no encontro organizado pola [Asociación de Amigos da Universidade Libre Iberoamericana en Galicia](#) (AULIGA), co apoio do Concello de Rianxo e a colaboración da UNED e da Deputación da Coruña, no que está a configurar como unha cita permanente coa vila de Castelao.

- 08:34 15/11/2005

O acto central da mañá do sábado xirou arredor do teólogo Manuel Espiña Gamallo, primeiro tradutor dos Evanxeos ó galego e fêrreo defensor histórico do emprego desta lingua na Igrexa. O crego, homenaxeado nesta sexta edición do Seminario Internacional de Tradución e Poética, lamentou que na actualidade *non chegan ó 10% os curas que empregamos o galego nas celebracións* e anunciou que se están a organizar xuntanzas de sacerdotes co fin de *volver crear unha plataforma con autoridade moral para conseguir que os bispos reflexionen* sobre esta situación.

F. Pérez-Barreiro Nolla, o primeiro en verquer Shakespeare ó galego

A derradeira mañá do VI Seminario Internacional de Tradución e Poética contou ademais coa intervención do ex redactor da BBC Fernando Pérez-Barreiro Nolla. O tamén Premio Nacional de Traducción tratou en Rianxo A métrica shakespeariana e a súa adaptación ó galego, portugués, catalán e castelán, tema no que é especialista xa que foi o primeiro en traducir ó autor inglés á nosa lingua. Case a xeito de obradoiro, o profesor Pérez-Barreiro entrou a continuación nun coloquio no que, mediante exemplos prácticos, analizou co público as traducións de Macbeth ó galego, portugués, catalán e castelán.

Manuel Rodríguez Alonso, a prol dun galego identificado no ensino

O presidente de AULIGA, Antonio Domínguez Rey, deulle lectura ó traballo do profesor Manuel Rodríguez Alonso que leva por título Algúns fenómenos da lingua actual: mal castelán e peor galego. Rodríguez Alonso, que non puido acudir á cita de Rianxo, repasa neste texto que axiña se editará *como o castelán inflúe sobre o galego, e mesmo o mal castelán*. Apunta erros sintácticos, como a concordancia ou o dequeísmo, pero tamén revisa problemas na ortografía, na morfosintaxe, no léxico ou na fonética. Neste eido, fai referencia ao

seu campo, os libros de texto, que adoitan considerar prioritaria a lingua escrita e descoidan a lingua oral. O profesor conclúe na necesidade dun tipo de galego para os materiais didácticos que revitalice formas e estruturas hoxe en retroceso, e reclámalles ás editoriais mais á sociedade *un esforzo para ter un galego identificado no ensino e non un galego de corrector ortográfico, que se contenta con non ser incorrecto, aínda que sexa coincidente co castelán*.

O Seminario contou con varias presentacións: a edición bilingüe galego-francés da Obra Poética de Ánxeles Penas, traducida por François Davo; o Testamento de Cordura de Brais Ocampo e mais da edición italiano-galego da Antoloxía Poética de Fabio Scotto, traducida por Xavier Frías; o proxecto Antoloxía Poética Iberoamericana (1950-1999), elaborada por autores de España, Portugal e América; o número 8 da Revista SERTA. Poesía y pensamiento poético (2004-2005), editada pola UNED, e as Actas do V Seminario Internacional de Tradución e Poética.